XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

**Dirección Xeral de Formación Profesional**
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

## Modelo MD85PRO01

# Programación da materia Guitarra

## curso 2025/2026



# Índice

## Tabla de contidos


**1. Introdución....4**

**2. Metodoloxía....5**

**3. Atención á diversidade.... 6**

**4. Temas transversais....6**

**4.1. Educación en valores....7**

**4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación....7**

**5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas....8**

**6. Secuenciación dos cursos....9**

**6.1. Curso: 1º de Grao Elemental....9**

6.1.1. Obxectivos para o 1º curso de Grao Elemental....9

6.1.2. Contidos....9

6.1.3. Avaliación....11

6.1.4. Medidas de recuperación....13

6.1.5. Recursos didácticos....14

**6.2. Curso: 2º de Grao Elemental....15**

6.2.1. Obxectivos para o 2º curso de Grao Elemental....15

6.2.2. Contidos....15

6.2.3. Avaliación....17

6.2.4. Medidas de recuperación....19

6.2.5. Recursos didácticos....21

**6.3. Curso: 3º de Grao Elemental....22**

6.3.1. Obxectivos para o 3º curso de Grao Elemental....22

6.3.2. Contidos....22

6.3.3. Avaliación....24

6.3.4. Medidas de recuperación....26

6.3.5. Recursos didácticos....27

**6.4. Curso: 4º de Grao Elemental....29**

6.4.1. Obxectivos para o 4º curso de Grao Elemental....29

6.4.2. Contidos....29

6.4.3. Avaliación....32

6.4.4. Medidas de recuperación....34

6.4.5. Recursos didácticos....35

**6.5. Curso: 1º de Grao Profesional....36**

6.5.1. Obxectivos para o 1º curso de Grao Profesional....36

6.5.2. Contidos....36

6.5.3. Avaliación....38

6.5.4. Medidas de recuperación....40

6.5.5. Recursos didácticos....41
**6.6. Curso: 2º de Grao Profesional....43**
6.6.1. Obxectivos para o 2º curso de Grao Profesional....43
6.6.2. Contidos....43
6.6.3. Avaliación....45
6.6.4. Medidas de recuperación....47
6.6.5. Recursos didácticos....48
**6.7. Curso: 3º de Grao Profesional....50**
6.7.1. Obxectivos para o 3º curso de Grao Profesional....50
6.7.2. Contidos....50
6.7.3. Avaliación....52
6.7.4. Medidas de recuperación....54
6.7.5. Recursos didácticos....55
**6.8. Curso: 4º de Grao Profesional....57**
6.8.1. Obxectivos para o 4º curso de Grao Profesional....57
6.8.2. Contidos....57
6.8.3. Avaliación....59
6.8.4. Medidas de recuperación....62
6.8.5. Recursos didácticos....63
**6.9. Curso: 5º de Grao Profesional....64**
6.9.1. Obxectivos para o 5º curso de Grao Profesional....64
6.9.2. Contidos....64
6.9.3. Avaliación....66
6.9.4. Medidas de recuperación....68
6.9.5. Recursos didácticos....70
**6.10. Curso: 6º de Grao Profesional....71**
6.10.1. Obxectivos para o 6º curso de Grao Profesional....71
6.10.2. Contidos....71
6.10.3. Avaliación....74
6.10.4. Medidas de recuperación....75
6.10.5. Recursos didácticos....77
**7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica....78**
**8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento....78**
**9. ANEXOS....79**
**9.1. Probas de acceso ao Grao Elemental....79**
**9.2. Probas de acceso a 1º Grao Profesional....79**
**9.3. Probas de acceso a 2º- 6º de Grao Profesional....81**
**9.4. Criterios para a obtención do premio Fin de Grao....81**
**9.5. Rúbrica proba de acceso Guitarra....82**
**9.6. Rúbrica avaliación Guitarra por avaliación continua....83**
**9.7. Rúbrica proba extraordinaria Guitarra....84**

# 1. Introdución

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de GUITARRA, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así como do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para isto indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto á súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, así como os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A especialidade de Guitarra trata de desenvolver os aspectos técnicos e musicais propios deste instrumento co fin de facilitar os medios para que o o/a alumno/a adquira o nivel profesional e proporcionarlle recursos suficientes para se encamiñar ao Grao Superior.

É importante tamén a formación teórica noutras materias como a análise harmónica, a música de cámara e a historia da música para afianzar e completar a súa formación musical.

Porase especial atención na posta en escena e a interpretación en público do alumnado nas audicións e recitais que o departamento programa. A preparación destas é un elemento fundamental dos obxectivos desta programación. Para complementar a aprendizaxe invitarase a docentes externos coa fin de complementar os seus coñecementos guitarrísticos e musicais.

Sobre a consulta deste documento, hai que ter en conta que hai certa información de carácter xeral que ten o seu propio epígrafe, tal e como pode consultarse no índice, mentras que outra información, de carácter máis específico, aparece distribuída segundo o curso que corresponda: secuenciación, obxectivos, contidos, mínimos esixibles, criterios de cualificación, procedementos e ferramentas de avaliación ou actividades de recuperación.

### Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Conselleria de Educación edu.xunta.gal. Ligazón: Normativa das ensinanzas de música

### Plans de reforzos

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se traballarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

## 2. Metodoloxía

Con carácter xeral primaranse as estratexias máis produtivas, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán empregados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tome conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a correcta evolución no ensino musical. Do mesmo xeito, reforzarase na medida do posible a motivación do alumnado para facilitar a mellora do rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo.

Principios metodolóxicos xerais:

- Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo na súa aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas) e aos seus compañeiros e compañeiras (ensino mútuo, traballo en grupos cooperativos) na propia avaliación (autoavaliación e coavaliación).
- Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións faremos unha pequena síntese que leve ao alumnado a unha maior conciencia no proceso de ensino-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de retroalimentación nas que poidan apreciar o seu progeso, desenvolvendo así a propia autoestima.
- Aprendizaxe significativo: seguindo a concepción construtivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre estes e as outras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias axeitadas para acadar os obxectivos previstos.
- Principio de globalización: o tratamento dos contidos estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.
- Personalización e atención á diversidade: para o deseño das programacións tense sempre en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo-clase. No caso da materia Guitarra, ao ser individual, ten en conta a diversidade de alumnado que pode estar cursando o mesmo nivel. Nesta liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos adaptados ás diferentes dificultades, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).
- Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes na aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensino mútuo, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e coidaremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

Principios metodolóxicos específicos da materia Guitarra:

As clases de Guitarra, nas que o/a docente traballa de maneira individualizada durante unha hora semanal, e que se complementan nas colectivas de instrumento, permite un alto grao de flexibilidade e adaptación ao ritmo e ás características de cada persoa. Isto é un dos pilares fundamentais do ensino musical en calquera dos niveis. Polo tanto, esta programación debe ser tamén un instrumento flexible, que se adapte ao desenvolvemento cognitivo e musical dun alumnado de diferentes idades, que permita elixir entre diferentes camiños para chegar aos mesmos

obxectivos, e que facilite a convivencia de diferentes estratexias pedagóxicas. Non obstante, é tamén unha guía dos obxectivos e contidos mínimos, unha referencia sobre os aspectos técnicos traballados e unha guía orientativa sobre un repertorio organizado en niveis.

A distribución temporal e progresiva dos obxectivos e contidos de xeito procura conseguir unha aprendizaxe sumativa. Nas sesións de clase, con carácter xeral isto concretarase no reparto do tempo en dous bloques:

a) adicado á unha progesiva mellora dos aspectos técnicos do intrumento: pulsación e proxección sonora, dixitacións, arpexos, ligados, escalas, variedade de timbres e todos aqueles aspectos que se deben traballar secuencial e simultaneamente na carreira musical dun guitarrista.

b) centrado na mellora da capacidade lectora co instrumento, os aspectos de estilo e períodos históricos, o coñecemento do repertorio básico e o dominio progresivo das súas dificultades técnicas, a agóxica e a dinámica como ferramentas da interpretación, a ornamentación e todas aquelas técnicas especiais asociadas a un estilo determinado.

## 3. Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

## 4. Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores relacionados co principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que substentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual a homes e mulleres, ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, traballando activamente pola non discriminación de calquera condición ou identidade.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lles permitan desenvolver o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía en actuacións axeitadas que eviten os accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

## 4.1. Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o que aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a atención constante sobre o comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferenzas, respecto aos compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade coa cultura en xeral.

## 4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación

Os docentes do departamento de guitarra empregarán as tecnoloxías da información e comunicación que ofrece o centro na medida en que o consideren necesario ou proveitoso para o curso e nivel do alumnado. Por outra banda, e dentro dos contidos impartidos nas aulas individuais, orientarán ao alumnado sobre aquelas ferramentas que poidan ser de maior utilidade para a materia impartida, poñendo especial atención nun uso responsable e ético das mesmas. O papel dos e das docentes non se pode limitar só a mostrar un compendio de ferramentas e recursos na rede. Tamén debe informar sobre un criterio responsable sobre consumo, dereitos de autoría ou as consecuencias de traballar con material ilexítimo.

A aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

• Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.

• Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

• Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).

• Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

• No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia. Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción musical que poida ser de proveito para o alumnado. En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

O Departamento de Guitarra organiza dentro das súas actividades ordinarias, actividades culturais e de promoción do instrumento e a súa cultura, entre as que destacan:

- Curso ou masterclass con guitarristas alleos ao centro.
- Concertos de profesionais da guitarra dentro do conservatorio.

- Recitais de estudantes de nivel avanzado e antigo alumnado.
- Concertos de alumnos/as dentro e fóra do conservatorio.
- Exposición de guitarras, conferencias, e outras actividades de similares características.

# 6. Secuenciación dos cursos

A materia instrumental Guitarra impártese en todos os cursos de Grao Elemental (de 1º a 4º) e de Grao Profesional (de 1º a 6º).

## 6.1. Curso: 1º de Grao Elemental

### 6.1.1. Obxectivos para o 1º curso de Grao Elemental

- Entender as principais características do instrumento.

- Colocar de maneira axeitada o corpo con respecto ao instrumento. Manter unha correcta posición do corpo e das dúas mans.

- Coñecer as dúas formas básicas de pulsación (apoiando e tirando).

- Iniciar no coidado das uñas da man dereita e empregalas para pulsar as cordas.

- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver correctamente o programa na clase senón que é esencial iniciarse na posta en escea e no contacto co público desde o primeiro curso mediante a asistencia ás audicións.

- Coñecer as notas en primeira posición.

- Asimilar e integrar os coñecementos adquiridos noutras materias, como Linguaxe Musical, nunha práctica consciente e razoada que avance de forma coordinada.

- Interpretar como mínimo oito pezas do programa sendo obrigatoriamente catro delas polifónicas.

### 6.1.2. Contidos

**Primeira avaliación**

a) Colocación da guitarra sobre o corpo. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Exercicios de pulsación en cordas ao aire (tirando e apoiando). Dixitación alternada dos dedos índice e medio. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Exercicios de sincronización cos dedos de ambas mans, buscando a axeitada posición das mesmas.

d) Interpretación como mínimo de dúas pezas monódicas. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Preparación e participación dunha audición.

**Segunda avaliación**

a) Utilización e coidado de uñas nos dedos da man dereita. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Dixitacións básicas na man dereita cos dedos polgar, índice e medio. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Dominio das nocións básicas de altura e duración na escrita musical. MÍNIMO ESIXIBLE

d) Soltura na lectura das notas das tres primeiras cordas (ata o terceiro traste)

e) Interpretación como mínimo de dúas pezas monódicas e unha polifónica. MÍNIMO ESIXIBLE

f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

**Terceira avaliación**

a) Lectura das notas do diapasón nas seis cordas (ata o terceiro traste). MÍNIMO ESIXIBLE

b) Iniciación á afinación por unísonos.

c) Posición e articulación da man esquerda en primeira posición. MÍNIMO ESIXIBLE

d) Exercicios con pulsación de notas simultáneas. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Interpretación como mínimo de tres pezas polifónicas. MÍNIMO ESIXIBLE

f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo.

## Repertorio

Os contidos para o curso completo constan dun mínimo de **oito composicións** a escoller entre as da lista proposta abaixo ou outras da mesma dificultade. Catro delas deberán ser polifónicas.

| | |
|---|---|
| Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi | B. Lester |
| - A escala: n.º 1. | |
| - A escala: n.º 2. | |
| - A escala: n.º 3. | |
| Estudo n.º 1, Isaías Savio, Ed. Ricordi | F. Sor |
| Valsa, Isaías Savio, Ed. Ricordi | J. Küffner |
| The pied piper, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| A dance, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| The happy vagabond, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| A spring waltz, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| Bahamas, *Divertissements pour guitare*, Vol. I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Rocking, *Explorations* Vol. I, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Jazz walk, *Explorations* Vol.I, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Dance for all, *Explorations* Vol.I, Ed. Ricordi | B. Lester |

**Dúas guitarras:**

| | |
|---|---|
| Minuet, *Twenty grades duets* de J.Garval | J. A. Logy |
| Seven canons, *Explorations*, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Star Tours in Tokio, *Kaubonbon*, Ed. Ricordi | M. Linnemann |
| It's raining, Kaubonbon, Ed. Ricordi | M. Linnemann |

### 6.1.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Esta avaliación será en todo caso:

- obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística

- transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica

- e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa avaliación durante o proceso de ensino–aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Mostrar un desenvolvimento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

- Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa. MÍNIMO ESIXIBLE

#### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a) Superar os contidos e criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles nos epígrafes anteriores. Considerasanse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.

b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

#### Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos traballados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Seguemento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua. Do control do traballo semanal proposto polo profesor quedará constancia no caderno de aula, no que se anotará o repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas e as carencias detectadas e todos os aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación.

- Seguemento das audicións. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o/a docente lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación do proceso completo de planificación, estudo e preparación é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

- Probas puntuais de nivel, de ser o caso, que quedarán reflectidas tamén no caderno de seguimento.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- por outra banda, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%. Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación da avaliación continua

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %

- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%

- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %

- Participar e preparar as actividades organizadas polo departamento: 20 %

- Participar nas clases e manter unha actitude activa: 20 %

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá na preparación e execución diante do profesor/a dun repertorio que se corresponda co que marca a presente programación para o curso correspondente.

Os contidos e obxectivos que o candidato/a ten que cumprir na materia Guitarra para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para o curso que corresponda e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre o repertorio e exercicios marcados polo docente. Esta proba será cualificada de 1 a 10 puntos, sendo positiva a partir de 5 puntos. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%

- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%

- Pulsación e proxección do son: 25%

- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

### 6.1.4. Medidas de recuperación

**Procedementos de recuperación ordinarios**

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. Poderase establecer unha proba de nivel puntual para demostrar a superación dos obxectivos e contidos pendentes e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten maior traballo, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. Establecerase unha proba de nivel nunha clase para comprobar que a alumno ou alumna superou os contidos que tivera pendentes e o resultado farase constar no caderno de seguimento do alumnado.

**Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre ou o curso completo (segundo proceda) e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

**Proba extraordinaria de avaliación**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na execución dun repertorio de obras e estudos segundo os contidos fixados nesta programación. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requerir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.1.5. Recursos didácticos

| | |
|---|---|
| *Essential guitar skill* - The scale, Ed. Ricordi | B. Lester |
| *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle | J. A. Muro |
| *Divertissements pour guitare*, Vol. I, n.º 2, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| *La Guitare Classique* Vol. A, Ed. M. Combre | J.-M. Mourat |
| *A guitarra e a música tradicional*, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |
| Album de guitarra galega vol. 1 (Nivel básico), Ed. Dos Acordes | Isabel Rei |

## 6.2. Curso: 2º de Grao Elemental

### 6.2.1. Obxectivos para o 2º curso de Grao Elemental

-Traballar diferentes elementos técnicos prestando atención á precisión coa finalidade de conseguir un mecanismo seguro.

- Interiorizar técnicas de estudo: distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo. Previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción ou desinterese.

- Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas coidadas e correctamente limadas unha vez finalizado o curso segundo.

- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

- Coñecer polo menos unha técnicas de afinación e a teoría básica.

- Coñecer perfectamente as notas nos cinco primeiros trastes do diapasón.

- Interpretar como mínimo catro estudos (con diferente formulación técnica) e catro obras.

- Coñecer o concepto básico de armadura e asocialo ás diferentes tonalidades.

### 6.2.2. Contidos

**Primeira avaliación**

a) Iniciación ás diferentes formas de dixitación, tendo en conta as características da peza ou fragmento. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Lectura de obras con carácter polifónico, con fórmulas de acompañamento básicas. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Iniciación aos arpexos de tres notas.

d) Iniciación á dixitación e á articulación do dedo anular.

e) Interpretación como mínimo de dous exercicios e unha obra. MÍNIMO ESIXIBLE

f) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

**Segunda avaliación**

a) Iniciación á técnica de barras de tres cordas.

b) Práctica de dixitacións combinando polgar, índice e medio. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Práctica de exercicios encamiñados a desenvolver a calidade do son.

d) Lectura con fluidez das notas nos cinco primeiros trastes. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas obras. MÍNIMO ESIXIBLE

f) Preparación e participación nunha audición, como mínimo. MÍNIMO ESIXIBLE

**Terceira avaliación**

a) Desenvolvemento das técnicas de afinación como hábito previo á clase.

b) Exercicios de ligados ascendentes de dúas notas ata a quinta posición. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro obras de diferentes estilos. MÍNIMO ESIXIBLE

d) Preparación e participación nunha audición, como mínimo. MÍNIMO ESIXIBLE

## Repertorio

O curso completo consta de, como mínimo, **catro estudos** (con diferente formulación técnica) e **catro obras** a escoller entre as seguintes, ou outras da mesma dificultade:

I. Estudos

| | |
|---|---|
| Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi | B. Lester |
| A barra: n.º 2. | |
| A escala: n.º 3, 5 e 6. | |
| O trémolo: n.º 3 e 6. | |
| O arpexo: n.º 1. | |
| P.I.M.I. Study, Explorations in Guitar playing. Vol. I, Ed. Ricordi | B. Lester |

II. Obras

| | |
|---|---|
| Madonna Katerina, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni | H. Newsidler |
| Minueto, Escuela de Guitarra Vol. 2 da 1ª ed.T. Camacho, Ed. Real Musical | J.P. Krieger |
| Andante, Colecção de peças clássicas para 1º ano, I. Savio, Ed. Ricordi | M. Carcassi |
| Estudo n.º 6, Colecção de peças clássicas para 1º ano, I. Savio, Ed. Ricordi | N. Coste |
| Estudo n.º 1 Op. 35, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni | F. Sor |
| Estudo n.º 1 Op. 3, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni | F. Sor |
| Estudo n.º 2 Op. 35, Studi per Chitarra, Ed. Suvini Zerboni | F. Sor |
| Estudo n.º 3, Colecção de peças clássicas para 1º ano, Isaías Savio, Ed. Ricordi | F. Sor |
| Estudo n.º 1, Études Simples, 1ª serie, Ed. M. Eschig | L. Brouwer* |
| Ronda n.º 3, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | J. Zenamon |
| Escalando, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | J. Zenamon |
| Bienvenue, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Bahamas, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Le Clown, Divertissements pour guitare, Vol.I , Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Tango pour Helène, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Crépuscule, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Calypso, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Romance, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |

| | |
|---|---|
| Émeraude, Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Pocahontas, Kanbonbon, Ed. Ricordi | M. Linnemann |
| Por entre as silveiras, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Ruliño, A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |
| Galicia, A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |
| Alalá de Lobeira, A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |

*Os estudos de F. Sor ou L. Brouwer, aínda que figuran pola súa calidade musical dentro do epígrafe de obras, tamén poderán ser interpretados como estudos.

### 6.2.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Esta avaliación será en todo caso:

- obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística

- transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica

- e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa avaliación durante o proceso de ensino–aprendizaxe.

**Criterios de avaliación**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Mostrar un desenvolvimento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

- Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa. MÍNIMO ESIXIBLE

**Mínimos esixibles**

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

1. Superar os contidos e criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no epígrafe anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
2. Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

### Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos traballados.
O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Seguemento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua. Do control do traballo semanal proposto polo profesor quedará constancia no caderno de aula, no que se anotará o repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas e as carencias detectadas e todos os aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación.
- Seguemento das audicións. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o/a docente lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación do proceso completo de planificación, estudo e preparación é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.
- Probas puntuais de nivel, de ser o caso, que quedarán reflectidas tamén no caderno de seguimento.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

• dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
• por outra banda, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%. Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación avaliación continua

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %
- Participar e preparar as actividades organizadas polo departamento: 20 %
- Participar nas clases e manter unha actitude activa: 20 %

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.
Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.
Para tal fin realizarase unha proba que consistirá na preparación e execución diante do profesor/a dun repertorio que se corresponda co que marca a presente programación para o curso correspondente.
Os contidos e obxectivos que o candidato/a ten que cumprir na materia Guitarra para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para o curso que corresponda e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre o repertorio e exercicios marcados polo docente. Esta proba será cualificada de 1 a 10 puntos, sendo positiva a partir de 5 puntos. Os criterios de cualificación son os seguintes:
- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

## 6.2.4. Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. Poderase establecer unha proba de nivel puntual para demostrar a superación dos obxectivos e contidos pendentes e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.
No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten maior traballo, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. Establecerase unha proba de nivel nunha clase para comprobar que a alumno ou alumna superou os contidos que tivera pendentes e o resultado farase constar no caderno de seguimento do alumnado.

### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación éo da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.
A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre ou o curso completo (segundo proceda) e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.
Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:
- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%

- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na execución dun repertorio de obras e estudos segundo os contidos fixados nesta programación. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requerir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.2.5. Recursos didácticos

| | |
|---|---|
| Explorations in guitar playing for beginners, Vol. I, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Essential guitar skill, The scale, the arpeggio, the barré, the trémolo, Ed. Ricordi | B. Lester |
| Études simples 1ª serie, Ed. M. Eschig | L. Brouwer |
| Divertissements pour guitare, Vol.I, Ed. Doberman | G. Montreuil |
| Modern Times, Vol. I, Ed. Chanterelle | Varios Autores |
| Estudos, Ed. Suvini Zerboni e Ed. Chanterelle | F. Sor |
| La Guitare Classique Vol. A, Ed. M. Combre | J. M. Mourat |
| A guitarra e a música tradicional, Dep. Ourense | M. H. Iglesias |
| Kanbonbon, Ed. Ricordi | M. Linnemann |

## 6.3. Curso: 3º de Grao Elemental

### 6.3.1. Obxectivos para o 3º curso de Grao Elemental

- Ampliar o repertorio de técnicas (harmónicos, acordes, arpexos e rasgueos).

- Mellorar as técnicas de estudo: distribución do tempo; traballo repetitivo e traballo reflexivo; previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción ou desinterese.

- Coidar ao máximo a calidade do son e o estado das uñas, empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas coidadas durante todo o terceiro curso.

- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

- Coñecer as diferentes formas de dixitación, tendo en conta as características da composición.

- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase, senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

- Coñecer e empregar a afinación por unísonos.

- Coñecer e ler as notas nos sete primeiros trastes do diapasón, nas tres primeiras cordas.

- Interpretar catro estudos con diferente formulación técnica e catro obras de dous estilos diferentes.

- Coñecer de maneira básica as tonalidades maiores e menores.

### 6.3.2. Contidos

**Primeira avaliación**

a) Práctica de acordes: simultáneos e arpexados. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Práctica de ligados ascendentes e descendentes.

c) Práctica de escala de mi menor nunha oitava (I posición).

d) Interpretación como mínimo de dous estudos e unha peza. MÍNIMO ESIXIBLE

- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

- Afinar correctamente a guitarra usando diferentes procedementos.

- Entender e analizar a estrutura da obra: as súas seccións, repeticións, melodía, acompañamento e tema principal.

- Coñecer de forma básica o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras e audición de gravacións: o alumno creará progresivamente a súa pequena colección de partituras e rexistros dos mellores intérpretes.

- Coñecer de forma básica a historia da guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución organolóxica deste instrumento.

- Traballar a memoria desde o primeiro momento como parte integral do estudo, para poder adaptarse a diferentes dificultades e linguaxes.

### 6.9.2. Contidos

**Primeira avaliación**

a) Preparación de dúas obras e un estudo. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Exercicios técnicos de man dereita para traballar pulsación e proxección.

c) Planificación do estudo e traballo de memoria. MÍNIMO ESIXIBLE

d) Lectura e traballo previo coas obras do segundo trimestre. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

**Segunda avaliación**

a) Preparación de dúas obras e un estudo. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Exercicios técnicos de colocación, articulación e relaxación da man esquerda. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Planificación do estudo e traballo coa memoria.

e) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

**Terceira avaliación**

a) Preparación do programa restante. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Repaso do programa de todo o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Desenvolvemento dos aspectos interpretativos: adecuación ao estilo, fraseo, articulación, ornamentación.

d) Consolidación dos elementos técnicos traballados durante o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

## Repertorio

Como mínimo haberá que escoller **tres estudos** (con diferente formulación técnica) e **catro obras**, unha de cada sección do seguinte listado. Esta lista é orientativa e poden ser substituídas por outras de similar dificultade e características técnicas e musicais:

I. Estudos

| | |
|---|---|
| Estudos nº 13 Op. 29, nº 24 Op. 31 e nº 11 Op. 6, Complete Studies, Ed. Chanterelle | F. Sor |
| Estudo n.º 3, Obra completa, Ed. R. Stover | A. Barrios |
| Estudos n.º 4, nº 5 e n.º 6, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |

II. Obras

a)

| | |
|---|---|
| Fantasía X | A. Mudarra |
| Fantasías IX, XVI, El Maestro | L. Milán |
| Lachimae Pavan | J. Dowland |

b)

| | |
|---|---|
| Adagio e Siciliana - Sonata I BWV 1001, M. Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Andante e Allegro - Sonata II BWV 1003, M. Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Adagio e Largo - Sonata III BWV 1005, M. Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Gavotte I e II - Suite BWV 1012 | J. S. Bach |
| Sonata K 232, D. Russell, Ed. Doberman | D. Scarlatti |
| Sonata K 292, M. Barrueco, Ed. Schott | D. Scarlatti |
| Sonatas K 384 ou K175, Marcos Díaz, Ópera Prima | D. Scarlatti |

c)

| | |
|---|---|
| Introdución e variacións “Gentil Housard” Op. 27, Ed. Gendai Guitar | F. Sor |

| | |
|---|---|
| Sonata Op. 15, H. Tokuoka, Ed. Gendai Guitar | F. Sor |
| Allegro da Sonata Op. 15, K. Scheit, Ed. UE | M. Giuliani |
| Capricho Árabe, Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar | F. Tárrega |
| Julia Florida, Obra Completa Vol. 3, Ed. R. D. Stover | A. Barrios |
| Una limosna por el amor de Dios, Obra Completa, Ed. R. D. Stover | A. Barrios |
| Vals Op. 8 nº 4, Obra Completa, Ed. R. D. Stover | A. Barrios |
| d) | |
| Preludio n.º 5, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |
| Chôro nº1, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |
| Mazurka-Chôro, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |
| Ya llega el Invierno, La Pastora, Seguidilla, Aires de La Mancha, Ed. Ópera Tres | F. M. Torroba |
| Bagatelle II, Five Bagatelles for Guitar, Ed. Oxford UP | W. Walton |
| Cançoneta e Dansa, Suite Valenciana, Ed. Bérben | V. Asencio |
| En los trigales, Ed. N. Yepes | J. Rodrigo |
| Guitarreando e Zambeando, Obras para guitarra, Ed. A. Mark | J. Morel |
| El Arpa del Guerrero e La huída de los amantes, El Decamerón Negro, Ed. EMT | L. Brouwer |
| Alborada de Pontecaldelas, Dangarandán, Ed. Opera Prima, | P.Barreiro |
| Evocaciones (II movemento), Real Musical | A. García Abril |
| By candlelight, Majian Music | A. York |

(Poderase substituír un estudo ou obra por unha obra de cámara)

### 6.9.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Esta avaliación será en todo caso:

- obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística

- transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica
- e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa avaliación durante o proceso de ensino–aprendizaxe.

**Criterios de avaliación**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Mostrar un desenvolvimento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

- Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa. MÍNIMO ESIXIBLE

**Mínimos esixibles**

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- Superar os contidos e criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no epígrafe anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

**Avaliación inicial**

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

**Procedementos e ferramentas de avaliación**

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos traballados. O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Seguemento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua. Do control do traballo semanal proposto polo profesor quedará constancia no caderno de aula, no que se anotará o repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas e as carencias detectadas e todos os aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación.

- Seguemento das audicións. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o/a docente lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación do proceso completo de planificación, estudo e preparación é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

- Probas puntuais de nivel, de ser o caso, que quedarán reflectidas tamén no caderno de seguimento.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

• dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
• por outra banda, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase

mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%. Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

**Criterios de cualificación da avaliación continua**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %
- Participar e preparar as actividades organizadas polo departamento: 20 %
- Participar nas clases e manter unha actitude activa: 20 %

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

**Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web. Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá na preparación e execución diante do profesor/a dun repertorio que se corresponda co que marca a presente programación para o curso correspondente.

Os contidos e obxectivos que o candidato/a ten que cumprir na materia Guitarra para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para o curso que corresponda e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre o repertorio e exercicios marcados polo docente. Esta proba será cualificada de 1 a 10 puntos, sendo positiva a partir de 5 puntos. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

### 6.9.4. Medidas de recuperación

**Procedementos de recuperación ordinarios**

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. Poderase establecer unha proba de nivel puntual para demostrar a superación dos obxectivos e contidos pendentes e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten maior traballo, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. Establecerase unha proba de nivel nunha clase para comprobar que a alumno ou alumna superou os contidos que tivera pendentes e o resultado farase constar no caderno de seguimento do alumnado.

**Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre ou o curso completo (segundo proceda) e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes. Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos). A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

**Proba extraordinaria de avaliación**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na execución dun repertorio de obras e estudos segundo os contidos fixados nesta programación. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos). Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requerir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.9.5. Recursos didácticos

| | |
|---|---|
| El Maestro | L. Milán |
| Diferentes pezas, Ed. Max Eschig | L. Brouwer |
| Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |
| Obra completa para laúde, F. Koonce, Ed. Kjos | J. S. Bach |
| Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar | F. Tárrega |
| Obra completa, Ed. R. D. Stover | A. Barrios |
| Sonatas para violín, M. Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Sonatas, David Russell, Ed. Doberman e tamén M. Barrueco, Ed. Schott | D. Scarlatti |
| La Guitare Classique, Vol. D, Ed. M. Combre | J. M. Mourat |
| The Dowland Collection, J. Suryanata, Ed. AMP | J. Dowland |
| Oevres Complètes pour Guitare, R. Strizich, Ed. Le Pupitre | R. de Visée |
| The Complete Studies for Guitar, Ed. Chanterelle | F. Sor |
| Dangarandan, Ed. Ópera Prima | Paco Barreiro |

## 6.10. Curso: 6º de Grao Profesional

### 6.10.1. Obxectivos para o 6º curso de Grao Profesional

- Interpretar e coñecer como mínimo catro obras, elixidas entre os estilos renacentista, barroco, clásico-romántico e contemporáneo representados nos epígrafes a, b, c e d. Interpretación de tres estudos con diferente formulación técnica.

- Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dixitación e fidelidade ao estilo.

- Desenvolver técnicas de estudo: distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo, desenvolvemento dos diferentes tipos de memoria.

- Coidar ao máximo a calidade do son, traballando a forma das uñas e empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación.

- É imprescindible dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

- Ler a primeira vista obras de dificultade de segundo curso do Grao Profesional. Coñecer as notas do diapasón ata o traste XV.

- Desenvolver o emprego dos diferentes aspectos (dinámica, articulación, cor, vibrato e rubato) en relación co estilo da obra.

- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver axeitadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

- Afinar correctamente a guitarra coñecendo diferentes procedementos.

- Analizar a estrutura da obra: as súas seccións, repeticións, melodía, acompañamento e tema principal.

- Coñecer de modo progresivo o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras e audición de gravacións: o alumno creará progresivamente a súa pequena colección de partituras e rexistros dos intérpretes máis destacados.

- Dominar os fitos da historia da guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución organolóxica da guitarra.

- Integrar a memoria no estudo desde comezo de curso para adaptarse a obras de diferente duración, complexidade e linguaxe.

### 6.10.2. Contidos

**Primeira avaliación**

a) Preparación de dúas obras e un estudo. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Exercicios técnicos de man dereita para traballar pulsación e proxección. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Planificación do estudo e traballo de memoria. MÍNIMO ESIXIBLE

d) Lectura e traballo previo coas obras do segundo trimestre.

e) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

**Segunda avaliación**

a) Preparación de dúas obras e dous estudos. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Exercicios técnicos de colocación, articulación e relaxación da man esquerda.

c) Planificación do estudo e traballo coa memoria. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

**Terceira avaliación**

a) Repaso do programa de todo o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

b) Preparación do concerto fin de grao. MÍNIMO ESIXIBLE

c) Desenvolvemento e consolidación dos aspectos interpretativos traballados. MÍNIMO ESIXIBLE

e) Preparación e participación nunha audición. MÍNIMO ESIXIBLE

## Repertorio

Escoller como mínimo **tres estudos** (con diferente formulación técnica) e **catro obras** da presente lista ou outras da mesma dificultade e características técnicas e musicais:

I. Estudos

| | |
|---|---|
| Estudos nº 11 Op. 6, nº 18 Op. 29, Complete Studies, Ed. Chanterelle | F. Sor |
| Estudo (Alard), Estudos para 7º ano de violão, I. Savio, Ed. Ricordi | F. Tárrega |
| Estudo de concerto n.º 1, Obra completa, R. Stover | A. Barrios |
| Estudos n.º 3, 6, 7, 9 e 11, Obra completa, Ed. M. Eschig | H. Villa-Lobos |

II. Obras

| | |
|---|---|
| a) | |
| Fantasías IX, XI, XV, XVI e XVIII, El Maestro | L. Milán |
| Fantasía X, | A. Mudarra |
| A Fancy, J. Suryanata, Ed. AMP | J. Dowland |
| Lachrimae Pavan, J. Suryanata, Ed. AMP | J. Dowland |
| b) | |
| Sonata en Re, W. Kanengiser | S. de Murcia |
| Andante, Suite BWV 1034, D. Russell, Ed. Doberman | J. S. Bach |
| Fuga, Sonata I BWV 1001, Manuel Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Fuga, Sonata II BWV 1003, Manuel Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Sonatas K232 e K233, D. Russell, Ed. Doberman | D. Scarlatti |

| | |
|---|---|
| Sonatas K209, K292 e K380, M. Barrueco, Ed. Schott | D. Scarlatti |
| Sonatas K27 e K490, M. Díaz, Opera tres | D. Scarlatti |
| Passagaille, Anthology of Selected Pieces, R. Burley, Ed. Schott | S. L. Weiss |
| c) | |
| Fantasie Villageoise, Ed. Gendai Guitar | F. Sor |
| Introducción e variacións Op. 9, Ed. Gendai Guitar | F. Sor |
| Introducción e variacións “Malborough”, Ed. Gendai Guitar | F. Sor |
| Sonata Op.15, K. Scheit, Ed. Universal | M. Giuliani |
| Variación sobre “Folías de España” | M. Giuliani |
| Capricho Árabe, Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar | F. Tárrega |
| Un sueño en la Floresta, Ed. R. Stover | A. Barrios |
| Confesión, Ed. R. Stover | A. Barrios |
| La Catedral | A. Barrios |
| Capricho, 36 Caprices Op. 20, Ed. Chanterelle | L. Legnani |
| El Mestre, Canciones Populares Catalanas, Ed. UME | M. Llobet |
| d) | |
| Fandanguillo, Ed. Schott | J. Turina |
| Homenaje a Tárrega, Ed. Schott | J. Turina |
| Prelúdio n.º 2, Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |
| Aires de La Mancha, P. García, Ed. Ópera tres | F. M. Torroba |
| Suite Valenciana, Ed. Bérben | V. Asencio |
| En los trigales, Ed. Joaquín Rodrigo | J. Rodrigo |
| Allegro in Re, Ed. A. Mark | J. Morel |
| El Decamerón Negro (1º e 2º movementos), Ed. EMT | L. Brouwer |
| Muiñeira de Poio, Dangarandán, Ed. Opera Prima, | P. Barreiro |
| Muiñeira de Pontesampaio, Dangarandán, Ed. Opera Prima, | P. Barreiro |
| Muiñeira de Chantada, Dangarandán, Ed. Opera Prima, | P. Barreiro |
| Confines, Dos Acordes | J. Luis Evangelista |
| Let it go, Majian Music | A. York |

(Poderase substituír un estudo ou obra por unha obra de cámara).

### 6.10.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Esta avaliación será en todo caso:

- obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística

- transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica

- e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa avaliación durante o de ensino–aprendizaxe.

**Criterios de avaliación**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Mostrar un desenvolvimento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. MÍNIMO ESIXIBLE

- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a. MÍNIMO ESIXIBLE

- Participar nas actividades (cursos, concertos, recitais de alumnos, etc.) organizadas polo departamento.

- Participar nas clases individuais e colectivas e manter unha actitude activa. MÍNIMO ESIXIBLE

**Mínimos esixibles**

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- Superar os contidos e criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no epígrafe anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

**Avaliación inicial**

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

**Procedementos e ferramentas de avaliación**

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos traballados. O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Seguemento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

Do control do traballo semanal proposto polo profesor quedará constancia no caderno de aula, no que se anotará o repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas e as carencias detectadas e todos os aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación.

- Seguemento das audicións. O alumno ou alumna terá a obriga de participar nas audicións organizadas polo departamento unha vez que o/a docente lle comunique a data e a/s obra/s a interpretar. A avaliación do proceso completo de planificación, estudo e preparación é responsabilidade única do profesor correspondente, que terá en conta os criterios de avaliación e contidos propios de cada curso de acordo coa presente programación. O control das mesmas levarase co mesmo sistema que o das clases semanais.

- Probas puntuais de nivel, de ser o caso, que quedarán reflectidas tamén no caderno de seguimento.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

• dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
• por outra banda, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%. Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

**Criterios de cualificación da avaliación continua**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %

- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%

- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %

- Participar e preparar as actividades organizadas polo departamento: 20 %

- Participar nas clases e manter unha actitude activa: 20 %

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non existe a posibilidade de ampliación de matrícula desde o 6º curso de Grao Profesional. A continuación dos estudos depende das probas de acceso ao Grao Superior. As condicións destas probas deben ser consultadas no centro onde se pretenda acceder. Existen moitas diferenzas nos contidos, organización das probas e datas entre os diferentes centros, polo que se recomenda ao alumnado que consulte regularmente a información publicada nas webs correspondentes.

### 6.10.4. Medidas de recuperación

**Procedementos de recuperación ordinarios**

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. Poderase establecer unha proba de nivel puntual para demostrar a superación dos obxectivos e contidos pendentes e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten maior traballo, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. Establecerase unha proba de nivel nunha clase para comprobar que a alumno ou alumna superou os contidos que tivera pendentes e o resultado farase constar no caderno de seguimento do alumnado.

**Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible**

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación éo da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación dun repertorio de obras e exercicios previstos polo docente para o trimestre ou o curso completo (segundo proceda) e que permitan avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos). A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

**Proba extraordinaria de avaliación**

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na execución dun repertorio de obras e estudos segundo os contidos fixados nesta programación. Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos). Para a realización

desta proba o profesorado da materia poderá requerir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

### 6.10.5. Recursos didácticos

| | |
|---|---|
| El Maestro | L. Milán |
| Diferentes pezas, Ed. Max Eschig | L. Brouwer |
| Obra completa para guitarra, Ed. Max Eschig | H. Villa-Lobos |
| Obra completa para laúde, F. Koonce, Ed. Kjos | J. S. Bach |
| Obras para Guitarra, Ed. Gendai Guitar | F. Tárrega |
| Obra completa, Ed. Belvin-mills e Ed. Zen-on | A. Barrios |
| Sonatas para violino, M. Barrueco, Ed. Schott | J. S. Bach |
| Sonatas, David Russell, Ed. Doberman e tamén M. Barrueco, Ed. Schott | D. Scarlatti |
| La Guitare Classique, Vol. D, Ed. M. Combre | J. M. Mourat |
| The Dowland Collection, J. Suryanata, Ed. AMP | J. Dowland |
| Oevres Complètes pour Guitare, R. Strizich, Ed. Le Pupitre | R. de Visée |
| The Complete Studies for Guitar, Ed. Chanterelle | F. Sor |
| Dangarandan, Ed. Ópera Prima | Paco Barreiro |

## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento da programación didáctica farase mediante:

- O seguimento individual de cada titor sobre todos os seus alumnos e alumnas, recollido no caderno de aula.
- Control das audicións no mesmo caderno de aula e que poden ser gravadas igualmente en vídeo.
- As reunións de departamento, que terán un punto específico onde se deixa constacia do seguimento, así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.
- As sesións de avaliación.

## 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, unha análise do grao de consecución, resultados obtidos, dificultades atopadas e demais incidencias comentables, e indicanranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

# 9. ANEXOS

## 9.1. Probas de acceso ao Grao Elemental

Aqueles alumnos que pretenden acceder ao primeiro curso de Grao Elemental deberán realizar unha proba de aptitudes musicais fixada polo centro e que será igual para todos os aspirantes, independentemente do instrumento escollido. Neste proba non se valorará a capacidade dos aspirantes sobre un instrumento concreto. Para máis información poden consultar a web do centro.

Para o acceso a un curso de Grao Elemental distinto ao de primeiro, será preciso superar unha proba de ingreso na que o alumno deberá **interpretar dúas obras a escoller** entre a lista de pezas (estudos ou obras) do curso anterior ao que pretende ingresar, ou outras da mesma dificultade, e **ler a primeira vista unha partitura** proposta polo tribunal. É preciso sinalar que non todos os anos se ofertan prazas para cursos diferentes a primeiro e que as convocatorias dependen da situación do centro nese momento e as previsións de futuro.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixidos serán os establecidos nesta programación para ao curso anterior ao que se pretende ingresar.

Ademais disto, a proba inclúe tamén unha parte de Linguaxe Musical. Os contidos e criterios de avaliación da mesma deben ser consultados na programación da materia LINGUAXE MUSICAL, e sempre se toma como referencia o curso anterior ao que se fai o acceso.

## 9.2. Probas de acceso a 1º Grao Profesional

Para o acceso a primeiro curso de Grao Profesional, será preciso superar unha proba de ingreso na que o alumno interpretará tres obras desta lista ou outras da mesma ou superior dificultade. Unha **delas**, como mínimo, debe ser interpretada **de memoria**.

I. Estudos

Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi — B. Lester

A barra: n.º 5, 8 e 9.

A escala: n.º 11, 13 e 14.

O trémolo: n.º 4, 5, 7 e 9.

O arpexo: n.º 3.

25 Estudos Melódicos e progresivos Op. 60, Ed. UME e Ed. Schott — M. Carcassi

Estudos: n.º 3 e 6.

II. Obras

a)

Pavana, The easy Guitar, R. Chiesa, Ed. Suvini Zerboni — A. dal Liuto

Sarabanda da Suite III BWV 995, F. Koonce, Ed. Kjos — J. S. Bach

Minueto I da Sonata en Re, Ed. M. Lorimer — S. L. Weiss

Forza d'amore, La guitare classique Vol. A, Ed. M. Combre — F. Caroso

b)

| | |
|---|---|
| Estudo nº 7, Colecção de peças clássicas para 3º ano, I. Savio, Ed. Ricordi | M. Giuliani |
| Siciliana, Colecção de peças clássicas para 2º ano, I. Savio, Ed. Ricordi | A. Meissonier |
| Lágrima, Collected Works, Vol. 2, Ed. Chanterelle | F. Tárrega |

c)

| | |
|---|---|
| Estudo n.º 6, Études Simples, 2ª serie, Ed. M. Eschig | L. Brouwer |
| Estudo n.º 7, Études Simples, 2ª serie, Ed. M. Eschig | L. Brouwer |
| Estudo n.º 9, Études Simples, 2ª serie, Ed. M. Eschig | L. Brouwer |
| Estudo n.º 10, Études Simples, 2ª serie, Ed. M. Eschig | L. Brouwer |
| Arpége, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | F. Kleynjans |
| Chanson du Marin disparu, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | F. Kleynjans |
| Estudo, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | A. Carlevaro |
| Baião, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | B. Hodel |
| Autumn Mist, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | O. Hunt |
| Viñeta criolla I, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | E. Cordero |
| Estudio a la cubana, Modern Times Vol. I, Ed. Chanterelle | E. Cordero |
| Estudo fugaz, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | E. Cordero |
| Danza del Cuculo, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | C. Domeniconi |
| Recuerdo, Modern Times Vol. III, Ed. Chanterelle | J. Zenamon |
| La Noche, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | J. Zenamon |
| Céline, Modern Times Vol. II, Ed. Chanterelle | G. Montreuil |
| Imos cantando, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| O galopín, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |
| Baila Manoeliño, A guitarra e a música tradicional, | M. H. Iglesias |

Os obxectivos e contidos desta proba serán os que establece a presente programación para o cuarto curso de Grao Elemental, ademais dos que establece a Comisión de Coordinación Pedagóxica para todas as especialidades.

## Criterios de cualificación

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

## 9.3. Probas de acceso a 2º- 6º de Grao Profesional

As persoas que desexen acceder a calquera curso de grao profesional distinto de 1º deberán realizar unha proba de acceso que consta de dúas partes:

A parte A da proba consistirá na interpretación, no instrumento da especialidade ou coa voz no caso da especialidade de Canto, de 3 obras pertencentes a distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, 1 deberase interpretar de memoria.

Na parte B da proba realizarase un exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte.

Para superar a proba deberase acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación final da proba será o resultado da seguinte ponderación: parte A 70%, parte B o 30%.

Tanto para a realización da parte A coma da parte B os aspirantes deberán presentarse co acompañamento que o repertorio requira. Dito acompañamento corre a cargo do aspirante.

**Criterios de cualificación**

- Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc): 25%
- Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo): 25%
- Pulsación e proxección do son: 25%
- Corrección postural e presentación das dúas mans: 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

## *9.4.* Criterios para a obtención do premio Fin de Grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e Premio de Fin de Grao para as ensinanzas de música e danza, este premio concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.

- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do Premio Fin de Grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na páxina web.

**Departamento de Guitarra**

**Curso 2025-2026**

## 9.5. Rúbrica proba de acceso Guitarra

| | |
|---|---|
| Nome: | Data avaliación: |
| Curso: | Materia: |

| | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | INDICADORES DE LOGRO | | Ata 0,2<br>Non acada | Ata 0,4<br>Acada so parcialmente | Ata 0,6<br>Acada suficiente mente | Ata 0,8<br>Acada con solvencia | Ata 1<br>Acada totalmente |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ata 2,5 puntos | Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc) | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio da dixitación | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio de arpexos, ligados e barras | | | | | |
| Ata 2,5 puntos | Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo) | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio do tempo e da agóxica e adecuación ao estilo | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de control das dinámicas e os planos sonoros | | | | | |
| Ata 2,5 puntos | Pulsación e proxección do son | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio da proxección sonora | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio da pulsación | | | | | |
| Ata 2,5 puntos | Corrección postural e presentación das dúas mans | Ata 0,75 puntos | Grao de corrección postural, relaxación muscular e presentación das dúas mans | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de control dos recursos da posta en escena e da execución en público | | | | | |
| **CUALIFICACIÓN TOTAL** | | | | | | | | |

## 9.6. Rúbrica avaliación Guitarra por avaliación continua

| Nome: | | | | Data avaliación: | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Curso: | | | | Materia: | | | | |
| | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **INDICADORES DE LOGRO** | | Ata 0,2<br>Non acada | Ata 0,4<br>Acada so parcialmente | Ata 0,6<br>Acada suficientemente | Ata 0,8<br>Acada con solvencia | Ata 1<br>Acada totalmente |
| Ata 2 puntos | Interpretar correctamente as obras e estudos propostos polo profesor/a | Ata 1 punto | Grao de dominio do pulso e da agóxica | | | | | |
| | | Ata 1 punto | Grao de dominio da pulsación, a proxección, as dinámicas e planos sonoros | | | | | |
| Ata 2 puntos | Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso | Ata 1 punto | Grao de dominio da posición corporal e as técnicas de man dereita e esquerda. | | | | | |
| | | Ata 1 punto | Grao de control do tempo, adecuación ao estilo, ornamentos e técnicas requiridas | | | | | |
| Ata 2 puntos | Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a | Ata 1 punto | Grao de planificación do traballo semanal | | | | | |
| | | Ata 1 punto | Grao de interiorización das indicacións de cada clase | | | | | |
| Ata 2 puntos | Participar nas actividades organizadas polo departamento | Ata 1 punto | Grao de planificación do traballo nas semanas previas á audición | | | | | |
| | | Ata 1 punto | Grao de control dos recursos da posta en escena e da execución en público | | | | | |
| Ata 2 puntos | Participar nas clases e manter unha actitude activa | Ata 1 punto | Grao de atención e correción de erros | | | | | |
| | | Ata 1 punto | Grao de comprensión, interiorización e relación de contidos | | | | | |
| **CUALIFICACIÓN TOTAL** | | | | | | | | |

## 9.7. Rúbrica proba extraordinaria Guitarra

| Nome: | | | | Data avaliación: | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Curso: | | | | Materia: | | | | |
| | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **INDICADORES DE LOGRO** | | Ata 0,2<br>Non acada | Ata 0,4<br>Acada so parcialmente | Ata 0,6<br>Acada suficiente mente | Ata 0,8<br>Acada con solvencia | Ata 1<br>Acada totalmente |
| Ata 2,5 puntos | Preparación dos contidos técnicos do repertorio (dixitación, arpexos, ligados, barras, etc) | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio da dixitación | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio de arpexos, ligados e barras | | | | | |
| Ata 2,5 puntos | Coidado dos aspectos interpretativos (fraseo, dinámicas, articulación, adecuación ao estilo) | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio do tempo e da agóxica e adecuación ao estilo | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de control das dinámicas e os planos sonoros | | | | | |
| Ata 2,5 puntos | Pulsación e proxección do son | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio da proxección sonora | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de dominio da pulsación | | | | | |
| Ata 2,5 puntos | Corrección postural e presentación das dúas mans | Ata 0,75 puntos | Grao de corrección postural, relaxación muscular e presentación das dúas mans | | | | | |
| | | Ata 0,75 puntos | Grao de control dos recursos da posta en escena e da execución en público | | | | | |
| **CUALIFICACIÓN TOTAL** | | | | | | | | |